

SOIDADE



Belén Rodríguez Barrosa
4 ESO B
Ies Julio Prieto Nespereira

Érase unha vez un neno chamado Marco ao que lle encantaba ler e tamén escribir. Non tiña moitos amigos e pasaba a maior parte do tempo só. Era un rapaz moi reservado. Os seus pais eran médicos o que supuña que pasaban moitas horas no hospital atendendo os seus pacientes. Tampouco tiña irmáns nin curmáns, xa que, os seus pais eran fillos únicos. Os seus avós tanto maternos coma paternos vivían no estranxeiro ou morreran moito tempo atrás. Marco xa estaba acostumado e, de feito, gustáballe estar só. Era moi tranquilo e pacífico.

Todas as tardes cando non tiña moitas tarefas da escola saía ao parque e sentaba nun banco ler un libro. Sempre tiña un na man. Apaixonaballe a lectura. Unha tarde decatouse de que no banco no que el sempre se sentaba había un velliño que lle daba de comer a unhas pombas.

A Marco non lle importou a presenza do home e sentou ao seu carón. Abriu o libro e puxóse a ler. Ao cabo duns minutos o velliño preguntoulle:

- Gustache ler rapaz? - ao que Marco respondeu:

- Encántame! - o velliño dixo:

-A min ten me gustaba moito pero xa vou vello e non vexo tan ben como vía antes.

Marco e aquel velliño comezaron a ter unha afectuosa conversa.

O rapaz descubriu que aquel home se chamaba Claudio e que se atopaba moi só. A súa muller, a que amaba profundamente, falecera dez anos atrás por mor dun cancro. O seu único fillo casara cunha rapaza francesa e facía máis de catro anos que se fora vivir con ela a Francia. Claudio estaba moi só pero conversando con Marco parecía feliz.

Co tempo, Marco e Claudio, fixerónse moi amigos. Todas as tardes atopábanse no parque, no mesmo banco no que ambos se coñeceran . Unha desas tardes Claudio dixólle a Marco:

-Mañá non podo vir verte,meu amigo.Teño unha importante revisión no hospital e debo ir. -Marco preguntou:

-E... con quen vai ir vostede,señor Claudio? -Ao que Claudio respondeu:

-Pois...collerei un taxi e irei só supoño... -Marco interrompeu a Claudio e dixo feliz:

- Acompañareino eu non se preocupe!- Claudio agradeceullo moi contento.

Ao día seguinte foron xuntos a consulta. O médico de Claudio era moi amábel e parecía moi preocupado pola saúde do avó:

- Claudio,coma ti ven sabes estás delicado de saúde e debes coidarte. -Mirou por un intre a Mario e preguntou:

-E logo, tes un neto?-Claudio respondeu alegre:

- Non é o meu neto pero é coma se o fose.-O médico mirou serio a Marco e díxolle:

- Debes coidalo.

Ao saír da consulta Marco e Claudio pasaron toda a tarde xuntos no parque.

Pasaron días, semanas e meses e cada vez Marco ía crescendo e facéndose máis maior. Xa cumprira os dezaseis anos.Claudio ía empeorando e a súa saúde cada vez era máis delicada pero o velliño e o rapaz non deixaban de verse un só día.

Tempo despois, una tarde, Marco chegou ao parque e non o viu no banco que compartían.Preocupado preguntoulle aos veciños se sabían algo de Claudio pero ninguén sabía nada.

Pasaron varios días e Claudio non volvera aparecer polo parque.

Entón Marco decidiu preguntarlle a persoa que podía saber como se atopaba Claudio. Ao seu médico.

Cando chegou á consulta e preguntou, o médico respondeu cun aire de tristura:

- Marco... Claudio faleceu.Foi hai un días. A súa saúde complicouse e non puido loitar máis. Sintoo moitísimo. Era un home tan bo... -Marco non aguantou as bágoas e votouse a chorar.O doutor consolouno decíndolle con tenrura:

-Marco, ti cambiaches completamente a súa vida,fixechelo moi feliz, ti...regálacheslle anos de vida.-Marco, moi afectado susurrou entre bágoas:

- El...

-El foi o avó que nunca tiven.

FIN